

DOMINGO 5 CORESMA Ciclo B

PRIMEIRA

Xer 31, 31-34

Establecerei unha nova alianza e non me recordarei do pecado

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA PROFECÍA DE XEREMÍAS

Velaquí os días

-é o Señor quen fala-

nos que pactarei coa casa de Xudá e co reino de Israel

unha alianza nova;

non coma a alianza que pactei cos seus pais,

o día no que os collín pola man

para os sacar do país de Exipto;

pois eles quebrantaron o meu pacto,

aínda que eu seguín sendo o seu Señor

-é o Señor quen fala-

Velaquí o pacto que eu hei pactar coa casa de Israel

despois deses días -é o Señor quen fala-:

Hei meter a miña lei nas súas entrañas,

escribereina nos seus corazóns,

serei para eles o seu Deus,

e eles serán para min o meu pobo.

Xa ninguén terá que instruír o compañeiro,

xa ninguén terá que instruír o seu irmán,

dicíndolle: "Respectade o Señor";

senón que todos eles me farán caso,

desde o máis noviño ao máis grande

-é o Señor quen fala-,

pois eu perdoareille a súa iniquidade,

e xa non me lembrarei máis dos seus pecados.

SALMO RESP. Sal 50, 3-4. 12-13. 14-15

R/ (12a): Crea, Deus, en min un corazón puro,

Apiádate de min, meu Deus, pola túa bondade,

pola túa misericordia, borra o meu pecado;

lávame ben da miña iniquidade,

límpame da miña culpa.

Crea, Deus, en min un corazón puro,

renóvame por dentro cun espírito firme.

Non me botes da túa presenza

e non tires de min o teu santo espírito.

Devólveme a alegría da túa salvación,

sostenme co espírito xeneroso.

Ensinarei o teu camiño aos pecadores

e volverán a ti os descarreirados.

SEGUNDA

Heb 5, 7-9

Aprendeu a obediencia e fíxose autor da eterna salvación

PROCLAMACIÓN DA PALABRA RECOLLIDA NA CARTA AOS HEBREOS

Cristo, nos días da súa vida mortal, a fortes gritos e con bágoas, presentou oracións e súplicas a quen o podía salvar da morte e Deus escoitouno por mor da súa submisión. Aínda que era Fillo, aprendeu sufrindo o que é obedecer; e, consumada deste xeito a súa consagración sacerdotal, converteuse en causa de salvación eterna, para todos os que lle obedecen.

DOMINGO 5 CORESMA Ciclo B

EVANXEO

Xn 12, 20-33

Se o grao de trigo morre enterrado, dará froito abondoso

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela algúns dos que subían a adorar no día da Festa eran gregos. Achegáronse a Felipe, o de Betsaida de Galilea, e pedíronlle:

- Señor, queremos ver a Xesús.

Foi Felipe e díxollo a Andrés; Andrés e máis Felipe foron dicirlllo a Xesús. Xesús respondeulles:

- Chegou a hora de que sexa glorificado o Fillo do Home. Évos ben certo: se o gran de trigo cae na terra pero non morre, quedará el só; pero se morre, dará froito abondoso. Quen ama a súa vida, pérdea; mais quen aborrece a súa vida neste mundo, poñeraa a salvo para unha vida eterna. Se alguén quere servirme, que me siga; e alí onde estou eu, estará tamén o meu servidor. Se alguén me serve, hao honrar o Pai. Agora o meu espírito está turbado. E que hei de dicir: Pai, sálvame desta hora? ¡Pero se para iso cheguei a esta hora! Pai, glorifica o teu Nome.

Chegou entón unha voz do ceo:

- Xa o glorifiquei, e glorificareino aínda de novo.

Ao oílo o xentío alí presente, dicía que fora un trono; outros dicían: "faloulle un anxo". Xesús interveu dicindo:

- Esta voz non foi por min, senón por vós. Agora é o xuízo deste mundo; agora ao príncipe deste mundo vano botar fóra. E eu, cando me ergan da terra, atraerei a todos cara a min.

Dicía isto, indicando de que morte había de morrer.